

RESOLUCIÓN

Nomeamento do vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Ourense ao inicio do mandato 2019 - 2023

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en tódalas deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da dita lei, corresponde á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno. Debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No día da data, don Rosendo Luis Fernández Fernández foi designado membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeado vicepresidente da Deputación.

Polo exposto, DISPOÑO:

Nomear vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Rosendo Luis Fernández Fernández.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

